

O instituto A Xunqueira II celebrará a quinta edición da súa Semana da Música

JESÚS IGLESIAS

✉ local@diariodepontevedra.com

PONTEVEDRA. O departamento de Música do IES A Xunqueira II celebrará entre os días 27 de maio e 6 de xuño a V edición da súa Semana da Música, cun programa que incluíra concertos, audicións, bailes, conferencias e proxeccións de filmes. Coa intención de que o evento chegue a toda a comunidade educativa e ao conxunto da cidadanía, os mestres responsables do seu desenvolvemento organizaron un concerto de clausura que terá lugar o día 6, a partires das 19.00 horas, no salón de actos do instituto.

A Semana da Música iniciaráse o luns 27 de maio con actuacións de solistas, grupos, bailes e proxeccións dirixidos a alumnos de 1º e 3º da ESO e de 1º de Bacharelato. Este tipo de espectáculos repetiránse o xoves 30 de maio (para alumnado de 2º e 4º da ESO e de 1º de Bacharelato) e o venres 31 de maio (para os estudantes dos centros adscritos ao IES A Xunqueira II).

O martes 4 de xuño o centro educativo pontevedrés acollerá unha actuación da orquestra e do coro do IES A Xunqueira I, á que asistirán alumnos de 2º e 3º da ESO e de 1º de Bacharelato, mentres que o mércores 5 de xuño haberá unha actuación de estudantes do IES Salvador de Madariaga (o público voltará ser alumnado de 1º e 2º da ESO e de Bacharelato).

Con excepción do concerto de clausura, as actividades desenvolveranse tódolos días en horario de 10.25 a 12.05 horas.

As praceiras esixen o control dos ambulantes que venden no contorno do Mercado

► Trala inspección feita, a Asociación de Profesionais solicita que tamén se corrixa deficiencias na Praza e se traslade a feira aos seus arredores

JESÚS IGLESIAS

✉ local@diariodepontevedra.com

PONTEVEDRA. A inspección levada a cabo hai uns días no Mercado de Abastos serviu para poñer enriba da mesa algunhas das obrigas e esixencias que as vendedoras deben cumprir, como levar un gorro e un mandilón que garanta as condicións de hixiene na manipulación dos alimentos ou darlles visibilidade aos prezos de cada un dos artigos. Agora que os seus deberes quedaron ben claros, as praceiras queren que a Concellería de Promoción Económica tamén cumpra coas súas responsabilidades, resolvendo as diversas deficiencias existentes nas instalacións da rúa Serra e eliminando a situación de ilegalidade e competencia desleal que teñen que soportar nestes intreos.

Algunhas destas eivas xa foron transmitidas en persoa á técnica e aos veterinarios responsables da inspección, se ben todas elas dependen directamente das competencias que ten a concelleira Carlota Román. A Asociación de Profesionais da Praza de Abastos, que preside Mari Carmen Santos, admite que as praceiras, como todo o mundo, teñen algúns erros no seu traballo, pero sinala que «tamén hai cousas nas que falla o Concello».

Segundo denuncia, moitas das bancadas teñen que soportar a incidencia directa dos raios solares sobre o peixe e, ademais, o Mercado carece de máquina de xeo dende hai anos para solventar este problema (que se agrava



Inspección efectuada hai uns días nas instalacións da rúa Serra. G. GARCÍA

de xeito moi significativo durante o verán). Por outra banda, os membros da asociación entenden que, do mesmo xeito que se lles fixo unha inspección a vendedoras que operan de xeito legal, a Concellería de Promoción Económica tamén debería fiscalizar a actividade dos ambulantes que se instalan no contorno do Recinto Feiral e na rúa Serra. «Pedímos-

lles que os que están en situación legal veñan para a Praza -subliña-, e que os que non o están, non poidan vender. O que non pode haber son dous mercados».

Outra das principais reivindicacións que o colectivo de praceiras lle fai á concelleira Carlota Román é que se traslade a celebración da feira a algunha das prazas lindadeiras co Mercado.

A Vicerreitoría organiza seis cursos de verán vencellados ás novas tecnoloxías

JESÚS IGLESIAS

✉ local@diariodepontevedra.com

PONTEVEDRA. Familiarizar aos actuais e futuros docentes do ensino medio e universitario coas novas Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) é un dos piares que sustenta a última proposta formativa da Vicerreitoría do campus de Pontevedra para os vindeiros meses de xullo e setembro. Seis cursos e obradoiros nos que as novas tecnoloxías terán un papel protagonista.

Con estas actividades formativas, que pecharán a programación de verán, trátase de «facilitar a aprendizaxe das novas técnicas no eido da docencia e da comunicación grazas ás múltiples posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías e as redes sociais», asegura a responsable da Área de Extensión Cultural, Deportiva e de Comunicación do campus, Ana Belén Fernández Souto. Así, un dos cursos, que terá unha duración de 35 horas e un prezo de 50 euros, centrarase no uso das TICs como soporte docente e impartirase entre o 9 e o 12 de setembro na facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

A facultade de Ciencias da Educación e do Deporte será o escenario no que se impartirá, entre o 8 e o 10 de xullo, outro curso sobre aplicacións tecnolóxicas no eido do ensino, mentres que a automotivación ou a relaxación serán o eixo dun obradoiro de escritura para textos audiovisuais que se desenvolverá do 16 ao 20 de setembro en Ciencias da Comunicación.

Vaipolorío pide maior respecto ás leis que protexen a vida silvestre

ANA L. GÓMEZ

✉ local@diariodepontevedra.com

PONTEVEDRA. A asociación ecoloxista Vaipolorío continúa a súa loita pola defensa do ecosistema do Gafos. A última iniciativa levada a cabo foi a presentación oficial, onte pola tarde, dunha escolma elaborada polos membros da agrupación que recolle as especies que se poden atopar no cauce fluvial e na ribeira do río, co obxectivo de concienciar á sociedade da importancia da conservación destes organismos.

Algunhas das especies naturais que poden atoparse no estudo, que

inclúe plantas, aves, insectos, réptiles, anfibios e peixes, son especialmente importantes por tratarse de endemismos (organismos que só poden atoparse neste hábitat), polo que corren maior perigo de desaparición.

Ademais de dar a coñecer esta ferramenta, a organización falou do contido legal segundo o cal as administracións deben dispoñer de espazos para que vivan as especies vulnerables ou en perigo de extinción.

«Hai decretos e leis internacionais que protexen a vida silvestre en consonancia co desenvolvemento da humanidade. O que non pode ser é que algúns países defendan ríos, pantanos e charcos, e outros pasen de todo», mantén o presidente de Vaipolorío, Gonzalo Sancho.



Charla divulgativa da asociación Vaipolorío, onte pola tarde. DAVID FREIRE

Para finalizar o acto de onte,

que se realizou na Carballeira do Menexo (preto da rúa Alcalde Hevia, onde o río comeza a desatarse) ás 20.30 horas, abriuse una quenda de preguntas para solucionar posibles dúbidas dos asistentes respecto a este tema.

O concurso 'Atopa o erro!' xa ten gañadores nas dúas categorías

PONTEVEDRA. O concurso 'Atopa o erro!', organizado polo Centro Comercial Urbano Zona Monumental e a Concellería de Normalización Lingüística, finalizou onte co sorteo dos premios, unha bicicleta para a categoría de mozos (ata 18 anos) e un circuito spa para dúas persoas na de maiores.

Os gañadores do concurso, que propoñía atopar a palabra trabucada entre as que amosaban os comercios colaboradores e indicar a forma correcta da mesma, foron Javier Veiga, de seis anos, e Priscila Cubero na categoría de adultos.